

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006553	IES Xoán Montes	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Xeoloxía e Ciencias Ambientais	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	22
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	22
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

1. Introducción

A presente programación é elaborada para a materia de Xeoloxía e Ciencias Ambientais do alumnado do IES Xoán Montes de Lugo.

* Características do centro: IES de pequeno tamaño, situado no centro da cidade, nunha zona coa poboación envellecida. Ten adscritos dous colexios, un privado e outro público. Oferta ESO e bacharelato de ciencias, ciencias sociais e humanidades.

* Características do alumnado: de extracción de clase baixa e media-baixa, en xeral, con abundantes problemas sociais e familiares e un número bastante alto de alumnado inmigrante. Algúns estudantes non comprenden ben o galego nin o español. A lingua materna dominante é o castelán.

. MARCO LEXISLATIVO O Decreto 157/2022, de 26 de setembro, establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 183 de 26 de setembro de 2022). As materias agrúpanse en tres bloques: común, específicas, da modalidade elixida (obrigatorias e de opción) e optativas. A Xeoloxía e Ciencias Ambientais é unha materia de opción, do bloque de materiais específicas, na modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, en 2º de bacharelato. O programa estrutúrase en 7 bloques, con contidos que contribúen á adquisición, afondamento e interconexión intra e interdisciplinar de conceptos que lle van permitir ao alumnado comprender holisticamente o funcionamento do planeta a través do estudo dos seus elementos xeolóxicos e dos procesos ambientais que lles afectan, así como a influencia da acción humana sobre eles.

Pola súa banda, o Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, regula as avaliacións finais de Bacharelato, establece que o Ministerio de Educación e Formación Profesional (ou Ministerio/s que asuman dita competencia) determinará para cada curso escolar e mediante orde ministerial, as características, o deseño e o contido das probas da citada avaliación, así como os procedementos de revisión das cualificacións obtidas.

Será tamén de aplicación calquera outra normativa estatal ou da comunidade autónoma referida á avaliación do bacharelato para o acceso á Universidad

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir con precisión información e datos extraídos de traballos científicos para analizar conceptos, procesos, métodos, experimentos ou resultados relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais.	1-2	1	4	3	40	3		32
OBX2 - Localizar e utilizar fontes fiables identificando, seleccionando e organizando información, avaliándoa criticamente e contrastando a súa veracidade, para resolver preguntas expostas de forma autónoma e crear contidos relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais.	2-3	2	4	1	40	3		
OBX3 - Analizar criticamente resultados de traballos de investigación ou divulgación relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais comprobando se seguen correctamente os pasos dos métodos científicos para avaliar a fiabilidade das súas conclusións.	2-3	2	2-4	1	40	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expor e resolver problemas buscando e utilizando as estratexias adecuadas, analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento se fose necesario, para explicar fenómenos relacionados coas ciencias xeolóxicas e ambientais.	3		1-2	1-5	11		3	
OBX5 - Analizar os impactos de determinadas accións sobre o medio ambiente ou a dispoñibilidade de recursos a través de observacións de campo e de información en diferentes formatos e baseándose en fundamentos científicos para promover e adoptar estilos de vida compatibles co desenvolvemento sostible.	3		2-5	4	20	4	1	1
OBX6 - Identificar e analizar os elementos xeolóxicos do relevo a partir de observacións de campo ou de información en diferentes formatos para explicar fenómenos, reconstruír a historia xeolóxica, facer predicións e identificar posibles riscos xeolóxicos dunha zona determinada.	3	2	2-5	4	40	3	3	1

Descrición:

A finalidade desta materia é o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender o funcionamento global do sistema Terra, sabendo empregar as interaccións que se producen entre os subsistemas que o integran para explicar os grandes cambios globais acontecidos no pasado e aqueles que puidesen estar iniciándose na actualidade.
2. Coñecer as teorías, principios e modelos básicos que constitúen o corpo central da xeoloxía, entendendo que o desenvolvemento da xeoloxía supón un proceso cambiante e dinámico que precisa unha actitude flexible e aberta.
3. Buscar, analizar con espírito crítico, contrastar e seleccionar información procedente de diversas fontes e formatos, de xeito que se poida aplicar en contextos diferentes tanto de forma individual como en traballos de equipo.
4. Realizar traballos de investigación, exploración de situacións e fenómenos relacionados coas ciencias da Terra, empregando, con autonomía crecente, as estratexias características da investigación científica e os procedementos propios da xeoloxía.
5. Analizar os riscos xeolóxicos, os procesos naturais que os poden orixinar, coñecer a súa predición e prevención, valorando a necesidade da adopción de comportamentos e medidas que poidan evitar efectos catastróficos.
6. Coñecer a situación do territorio español, peninsular e insular, en especial, o referente a Galicia no contexto xeral da dinámica global ofrecida pola teoría da tectónica de placas, relacionándoa con algunha das súas características xeolóxicas e os procesos xeodinámicos actualmente activos.
7. Establecer relacións entre a xeoloxía, a tecnoloxía e a sociedade, valorando a utilidade social e económica que proporciona esta ciencia e a necesidade de coñecer e corrixir os impactos derivados da explotación dos recursos.

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Experimentación en xeoloxía e ciencias ambientais	Análse da evolución histórica nos saberes da xeoloxía e ciencias ambientais. - Materiais e técnicas de campo e laboratorio. - Consulta de fontes de información e	10	8	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Experimentación en xeoloxía e ciencias ambientais	manexo mapas, fotografía aerea, imaxes satélite etc. - Búsqueda de información. - Coñecemento do patrimonio xeolóxico e ambiental de España e Galicia. - A labor científica das persoas dedicadas á ciencia da xeoloxía e ciencias ambientais. - O papel de muller nestas ciencias. - Elaboración de informes utilizando as ferramentas dixitais e as fontes de información correctamente	10	8	X	X	X
2	Mineraloxía	Estudo das características e clasificación da materia mineral	10	10	X		
3	Petroloxía: as rochas magmáticas	Estudo da orixe,, composición e clasificación e importancia das rochas magmáticas e a relación entre o magmatismo e a tectónica de placas	10	10	X		
4	Petroloxía: as rochas sedimentarias	Estudo da orixe, composición, clasificación e importancia das rochas sedimentarias. Relación coa tectónica de placas	10	10	X		
5	Petroloxía: as rochas metamórficas	Estudo da orixe, composición e clasificación das rochas metamórficas. Importancia económica e relación coa tectónica de placas	10	12		X	
6	Tectónica de placas e xeodinámica interna	Estudo da estrutura interna de Terra, composición e relación dos procesos xeolóxicos internos coas deformacións, oróxenos, volcáns e terremotos. Ciclo de Wilson e riscos xeolóxicos	10	14		X	
7	Procesos xeolóxicos externos	Tipos de meteorización. Edafoxénese. Modelado do relevo. Predicción dos riscos xeolóxicos externos	10	14		X	
8	As capas fluídas da Terra	Estudo das características, composición e propiedades da atmosfera e hidrosfera. Dinámica atmosférica	10	14			X
9	Os recursos e a súa xestión sostible	Clasificación e xestión dos recursos xeolóxicos e naturais; os recursos xeolóxicos de Galicia.	10	12			X
10	A historia xeolóxica da Terra e as súas evidencias: interpretación de mapas e cortes xeolóxicos.	O tempo en xeoloxía, os principios fundamentais da estratigrafía e a aplicación a interpretación de cortes xeolóxicos.	10	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Experimentación en xeoloxía e ciencias ambientais	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar criticamente conceptos e procesos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais seleccionando e interpretando información en diversos formatos, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros.	Interpreta correctamente diagramas, e cortes xeolóxicos. Elabora columnas estratigráficas. Asocia fósiles representativos coa era e período. Aplica os principios xerais da estratigrafía.	PE	60
CA1.2 - Comunicar informacións ou opinións razoadas relacionadas cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais, transmitíndoas de forma clara e rigorosa e utilizando o vocabulario e os formatos adecuados, como mapas (topográficos, hidrográficos, hidroxeolóxicos, xeolóxicos, de vexetación...), cortes, modelos, diagramas de fluxo ou outros e respondendo con precisión as cuestións que poidan xurdir durante a exposición.	Elabora informes utilizando o vocabulario e saberes da xeoloxía no contexto axeitado		
CA1.6 - Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	Relaciona artigos de tipo divulgativo co aprendido na materia.		
CA1.8 - Argumentar, utilizando exemplos concretos, sobre a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e social e polos recursos económicos.	Argumenta correctamente a aportación das mulleres ao desenvolvemento da xeoloxía e as ciencias ambientais.	TI	40
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	argumenta correctamente sobre diferentes controversias relacionadas coa xeoloxía e as ciencias ambientais		
CA1.4 - Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Realiza e expón correctamente traballos relacionados coa materia		
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Distingue artigos e datos de tipo científico dos que non o son		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución histórica do saber científico: o avance da xeoloxía e as ciencias ambientais como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción. - O traballo xeolóxico e ambiental.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos para a utilización no campo e no laboratorio. Novas tecnoloxías na investigación xeolóxica e ambiental. - Fontes de información xeolóxica e ambiental (mapas, cortes, fotografías aéreas, textos, posicionamento e imaxes de satélite, diagramas de fluxo...): procura, recoñecemento, utilización e interpretación. - Ferramentas de representación da información xeolóxica e ambiental: columna estratigráfica, corte, mapa, diagrama de fluxo... - Procura de información en institucións científicas: ferramentas dixitais, formatos de presentación de procesos, resultados e ideas. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ao desenvolvemento da xeoloxía e das ciencias ambientais e importancia social. O papel da muller.

UD	Título da UD	Duración
2	Mineraloxía	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	Relaciona artigos divulgativos co aprendido.	PE	80
CA4.1 - Recoñecer a materia mineral analizando as características xerais dos minerais.	Describe as características xerais dos minerais		
CA4.2 - Diferenciar a materia cristalina da materia amorfa comprendendo o proceso de cristalización e os principios básicos da cristalografía.	Describe o concepto de mineral, cristal e materia cristalina en contraposición coa materia amorfa		
CA4.3 - Clasificar e identificar os principais minerais empregando un criterio químico-estrutural e as súas propiedades.	Clasifica e identifica os minerais baseándose no grupo aniónico e na polimerización da unidade básica tetraédrica		
CA4.4 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da mineraloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	Analiza e explica diagramas, modelos e figuras relacionados coa mineraloxía	TI	20
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Argumenta correctamente sobre controversias relacionadas coa mineraloxía.		
CA1.4 - Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Realiza e expón traballos relacionados coa mineraloxía		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Distingue artigos e datos de tipo científico dos que non o son		
CA4.5 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da mineraloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analiza criticamente controversias relacionadas coa mineraloxía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo xeolóxico e ambiental. - Características xerais dos minerais. - Cristalografía. - Diferenza entre a materia cristalina e a materia amorfa. A cristalización. - Os elementos e as operacións de simetría. - Os sistemas cristalinos e as redes espaciais. As maclas. - As propiedades físicas dos minerais. - Clasificación químico-estrutural dos minerais: relación coas súas propiedades. - Diagramas de estabilidade mineral ou de fases dun ou dous compoñentes: condicións de formación e transformación de minerais. - Polimorfismo e isomorfismo. - Identificación dos minerais polas súas propiedades físicas: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
3	Petroloxía: as rochas magmáticas	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Comprender a orixe das rochas ígneas a través dos procesos magmáticos.	Explicar a orixe dos distintos tipos de rochas ígneas	PE	80
CA5.4 - Clasificar as rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias empregando criterios químicos, mineralóxicos, estruturais e/ou composiciónais.	Manexar os criterios de clasificación das rochas ígneas		
CA5.5 - Identificar a través de diferentes métodos as principais rochas mediante a súa mineraloxía, textura e orixe.	Distingue as principais rochas ígneas, a súa textura e mineraloxía		
CA5.6 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	Interpreta correctamente diagramas e figuras		
CA5.7 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analiza criticamente a solución a problemas relacionados coa rochas ígneas		
CA5.8 - Describir a formación e a evolución das rochas relacionando o magmatismo, o metamorfismo e a sedimentación coa teoría da tectónica de placas.	Relaciona o magmatismo e tipos de rochas magmáticas coa tectónica de placas.	TI	20
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Argumentar sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e as ciencias ambientais		
CA1.4 - Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Elaborar e expoñer traballos relacionados coa petroloxía		
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Diferenciar entre argumentos de tipo científico e os que non o son		
CA1.6 - Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	Interpretación de datos e resultados de traballos de investigación relacionados coa petroloxía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo xeolóxico e ambiental. - Características xerais da rochas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magmatismo e rochas ígneas. - Composición, propiedades, orixe e evolución do magma. - Principais tipos de texturas. - Clasificación das rochas ígneas: criterio químico e IUGS modal. - Estruturas de localización das rochas intrusivas. - Os produtos volcánicos. - Tipos de erupcións e de aparatos volcánicos. - Relación entre o magmatismo e a tectónica de placas. - Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
4	Petroloxía: as rochas sedimentarias	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Contrasta información relacionada coas rochas sedimentarias, usando fontes fiables e distinguindo os saberes científicos da pseudociencia	PE	85
CA1.6 - Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	Interpreta e saca conclusións de datos correspondentes a traballos de investigación relacionados coa materia.		
CA5.3 - Explicar a orixe das rochas sedimentarias relacionando os procesos e os ambientes sedimentarios.	Explica os procesos de erosión, transporte, sedimentación e diáxénese. Distingue os diferentes ambientes sedimentarios		
CA5.4 - Clasificar as rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias empregando criterios químicos, mineralóxicos, estruturais e/ou composiciónais.	Clasifica as rochas sedimentarias segundo criterios químicos e mineralóxicos/estruturais.		
CA5.5 - Identificar a través de diferentes métodos as principais rochas mediante a súa mineraloxía, textura e orixe.	Diferencia e clasifica os distintos tipos de rochas sedimentarias		
CA5.6 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	Interpreta adecuadamente diagramas, modelos e figuras		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.8 - Describir a formación e a evolución das rochas relacionando o magmatismo, o metamorfismo e a sedimentación coa teoría da tectónica de placas.	Sitúa a orixe dos distintos tipos de rochas sedimentarias en relación coa tectónica de placas.		
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Realizar discusións científicas relacionadas coa petroloxía	TI	15
CA1.4 - Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Elaborar e espoñer traballos relacionados coas rochas sedimentarias		
CA5.7 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analiza criticamente a solución a un problema relacionado coa petroloxía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo xeolóxico e ambiental. - Sedimentación e rochas sedimentarias. - Tipos de sedimentación e de sedimentos. A estratificación. - Etapas e procesos da diaxénese. - Características básicas dos medios sedimentarios e principais estruturas sedimentarias. - Principais tipos de texturas. - Clasificación das rochas sedimentarias: detríticas, bioquímicas e químicas. - A formación do carbón, do petróleo e do gas natural. - Relación entre os procesos sedimentarios e a tectónica de placas. - Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
5	Petroloxía: as rochas metamórficas	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Describir a formación das rochas metamórficas recoñecendo os principios do metamorfismo.	Explcia os factores do metamorfismo e os distintos tipos de rochas metamórficas	PE	75
CA5.4 - Clasificar as rochas ígneas, metamórficas e sedimentarias empregando criterios químicos, mineralóxicos, estruturais e/ou composiciónais.	Clasifica as rochas metamórficas segundo criteriosw mineralóxicos, estruturais e composiciónais.		
CA5.5 - Identificar a través de diferentes métodos as principais rochas mediante a súa mineraloxía, textura e orixe.	Identifica e describe as principais rochas metamórficas.		
CA5.6 - Explicar fenómenos relacionados cos saberes da petroloxía a través da formulación e resolución de problemas buscando e utilizando as estratexias e os recursos adecuados (diagramas, modelos, figuras...).	Interpreta diagramas, modelos e figuras relacionadas co metamorfismo e rochas metamórficas.		
CA5.8 - Describir a formación e a evolución das rochas relacionando o magmatismo, o metamorfismo e a sedimentación coa teoría da tectónica de placas.	Relaciona o metamorfismo e as rochas metamórficas coa tectónica de placas.		
CA1.3 - Realizar discusións científicas sobre aspectos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais considerando os puntos fortes e débiles de diferentes posturas de forma razoada e con actitude receptiva e respectuosa ante a opinión dos demais.	Realizar discusións científicas relacionadas coa petroloxía	TI	25
CA1.4 - Expor e resolver cuestións e crear contidos relacionados cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais localizando e citando fontes de forma adecuada, seleccionando, organizando e analizando criticamente a información.	Elaborar e espor traballos relacionados coas rochas sedimentarias		
CA1.5 - Contrastar e xustificar a veracidade de información relacionada cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais utilizando fontes fiables, achegando datos e adoptando unha actitude crítica e escéptica cara a informacións sen unha base científica, como pseudociencias, teorías conspiradoras, crenzas infundadas, noticias falsas...	Contrasta información relacionada coas rochas sedimentarias, usando fontes fiables e distinguindo os saberes científicos da pseudociencia		
CA1.6 - Avaliar a fiabilidade das conclusións dun traballo de investigación ou divulgación científica relacionado cos saberes da xeoloxía e das ciencias ambientais de acordo coa interpretación dos resultados obtidos.	Interpreta e saca conclusións de datos correspondentes a traballos de investigación relacionados coa materia.		
CA5.7 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado cos saberes da petroloxía e reformular os procedementos utilizados ou conclusións se a devandita solución non fose viable ou ante novos datos achegados ou atopados con posterioridade.	Analiza críticamente a solución a un problema relacionado coa petroloxía		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo xeolóxico e ambiental. - Metamorfismo e rochas metamórficas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os límites e factores do metamorfismo. - Tipos de metamorfismo: rexional, de contacto e dinámico. - Minerais índice, grao e facies metamórficas. - Principais tipos de texturas. - Clasificación das rochas metamórficas: foliadas e non foliadas. Protolito, textura, mineraloxía e tipo de metamorfismo no que se forman. - Relación entre o metamorfismo e a tectónica de placas. - Identificación das rochas polas súas características: ferramentas de identificación (guías, claves, instrumentos, recursos tecnolóxicos...).

UD	Título da UD	Duración
6	Tectónica de placas e xeodinámica interna	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Describir a estrutura interna da Terra interpretando e contrastando a información que achegan os diferentes métodos de estudo.	Describe a estrutura interna da Terra	PE	80
CA2.2 - Valorar os avances tecnolóxicos e científicos que permitiron chegar á teoría da tectónica de placas integrando as probas que a avalan.	Coñece os métodos de estudo do interior do planeta		
CA2.3 - Explicar as principais estruturas xeolóxicas derivadas da tectónica de placas relacionándoas cos bordos e zonas de intraplaca e as causas que explican o movemento.	Describe e relaciona de diferentes formacións xeolóxicas coa tectónica de placas.		
CA2.4 - Recoñecer a influencia do ciclo de Wilson sobre a disposición dos continentes e os principais episodios oroxénicos a través de mapas xeolóxicos, modelos ou figuras.	Explica o ciclo de Wilson		
CA2.5 - Clasificar pregamentos e fallas identificando os seus elementos xeométricos e a relación entre o esforzo e a deformación que os producen.	Identifica os tipos de pregues e fallas, os seus elementos e a relación coa tectónica de placas		
CA2.6 - Realizar predicións sobre riscos xeolóxicos internos nunha área determinada analizando a influencia de diferentes factores sobre eles e propor accións para previr ou minimizar os seus posibles efectos negativos.	Explica os tipos de riscos xeolóxicos relacionados coa tectónica de placas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
